



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2017/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de marzo de 2017
Duración	Desde as 20:04 ata as 23:33 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretaria	BERTA ALONSO SOTO
Interventor	SERGIO CURRA MOREIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
53171075C	EVA RODRIGUEZ CALVAR	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 10 de marzo de 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. Millán Blanco: pide que se corrixa as cifras que figuran na páxina 9, de forma que en relación a SOGAMA, onde pon oitocentos euros, debe poñer trescentos mil euros e onde dí setecentos dez millóns debe poñer setecentos dez mil euros.

En canto á partida de festas, indicou que a partida presupostada era de 70. 000 e se gastaron máis de 170.000 euros.

Asimesmo a referencia ao remanente de Tesourería que existía catro anos antes debe dicir 17 millóns de euros e non 7 millóns.

Sr. Iglesias Santos: na proposta de disolución da fundación Cangas Deporte onde di que votará a favor, dixo algo máis, dixo que por imperativo legal había que votar a favor e que os verdadeiros protagonistas do deporte son os deportistas e clubs e non as institucións.

Sr. Gestido Porto: en relación á moción de Cangas Decide sobre revisión da iluminación das parroquias di que votou a favor e ademais explicou que se facía a petición en base á necesidade de veriticar a situación de necesidades nas rúas, xa que o que abunda non dana.

O Concello Pleno, por unanimidade, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o día 10 de marzo de 2017

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 509/2017. Aprobación inicial do Regulamento Orgánico e de Funcionamento Municipal do Concello

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 11, En contra: 9,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Concelleira de Participación Veciña, Transparencia e Asociacionismo, do día 13.02.2017, relativa a aprobación inicial do Regulamento Orgánico e de funcionamento municipal do Concello de Cangas que é como segue:

“Proposta da Concelleira de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo de aprobación inicial do Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello de Cangas

O Concello de Cangas a través da Concellería de Participación veciñal, Transparencia e Asociacionismo propón aprobar o Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello de Cangas, que ten por obxecto regular a organización e réxime de funcionamento dos órganos de goberno e administración do municipio dentro dos límites marcados pola lexislación estatal e autonómica.

Visto o proxecto de Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello de Cangas, elaborado pola Concellería de Participación veciñal, Transparencia e Asociacionismo e polos Servizos de Secretaría e Intervención.

Visto o informe de secretaría do día 13 de febreiro de 2016, no que se regula o procedemento e a lexislación aplicable.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: A aprobación inicial do Regulamento Orgánico e de Funcionamento municipal do Concello de Cangas.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición deste no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sin necesidade de acordo plenario expreso.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Rodríguez Calvar: explica o obxecto da proposta indicando que se levan moitos meses traballando neste expediente, realizáronse reunións tanto cos grupos de goberno coma coa oposición para que fixesen aportacións. Indica que é moi necesario actualizar este documento e lembra que é unha aprobación inicial, polo que no período de exposición pública poderían facerse novas aportacións.



Sr. Iglesias Santos: di que o ROM ocupa 30 páxinas e considera que sobra máis da metade, a maior parte reproduce diferentes normativas xa vixentes e coñecidas introducindo poucas novidades. Cre que un regulamento tan longo dificulta a súa aplicación. Fai referencia á exposición de mtoivos que considera algo desacertada en algúns aspectos.

O capítulo 1 é un refundio dos artigos 19 e seguintes da LRBRL, bota en falta concreción no artigo 7, o seu apartado 5 di que os concelleiros poderán consultar os expedientes municipais sen facer referencia á existencia da nova ferramenta que é a sede electrónica. En canto á protección de datos persoais, está convencido de que todos os concelleiros son coñecedores das obriga que establece a Lei, polo que non entende os límites que o ROM establece a este respecto.

En canto ao rexistro de intereses referido á declaración de bens e actividades cre necesario que se publiquen non só as declaracións dos concelleiros, senón tamén debería no portal de transparencia e tamén deixarse claro os salarios dos que cobran do concello.

Sinala que hai unhas esixencias de publicidade, por exemplo en relación ás contías dos grupos políticos, cando a data de hoxe o concello non notifica debidamente aos grupos este extremo.

Cre que o campo do regulamento podería alixerarse moito e concretarse noutros aspectos coma o artigo 17. Non entende que o art. 19 se refira en plural ás comisións informais cando a data de hoxe só existe unha comisión única.

Sinala que o artigo 23 fai referencia á dación de conta das resolucións de alcaldía “sucintamente” e non entende esta limitación.

Afirma que os artigos 26 ao 29 son redundantes respecto do contido que xa recollen as leis vixentes, o mesmo ocorre coa regulación das sesións plenarias dos artigos 34 e 35.

Pide máis tempo para preparar este expediente ou non poderán votar a favor do regulamento.

Sr. Alcalde: lembra que este regulamento foi entregado fai meses aos grupos e haberá un período de exposición pública dun mes máis para presentar alegacións que se estudarán e votarán.

Sr. Gestido Porto: indica que no pleno 5.11.2015 Cangas Decide pedíu a revisión do ROM. Pregunta para que vai servir este regulamento se a día de hoxe moitos dos aspectos desta norma non se cumpren, a documentación dos plenos non se entrega a tempo, non se respostan as preguntas que presentan os grupos, non se pode entregar a documentación que se solicita, senón o autoriza previamente o alcalde, etc. Lembra que é un documento que é necesario que se aprobe con consenso. Recoñece que si se entregou o documento fai tempo, pero non se realizaron tantas reunións como afirman. Repite que os regulamentos debería estar consensuados. Sinala que se vai a abster e que fará alegacións.

Sr. Millán González: non cre que sexa o momento máis adecuado para aprobar este regulamento, o concello está sufrindo unha transformación importante coa implantación da administración electrónica e iso debería terse en conta na redacción de documento. Sería necesario esperar a que se asente a implantación da administración electrónica. Cre necesario que se regule de forma máis concreta a participación veciñal no ámbito do concello.



Considera pertinente actualizar o ROM, pero non neste momento. Pide que se deixe sobre a mesa. Di que se opoñen frontalmente ao disposto no artigo 43.5, sobre as mocións a presentar, cre que debería terse en conta a proporcionalidade dos grupos políticos, coma se fai noutras administracións, por exemplo a Deputación Provincial.

Sr. Alcalde: di que o de dúas mocións por grupo é algo que se ven facendo no Concello de Cangas historicamente, di que esta suxestión pode ser presentada no período de alegacións e é unha pena que non se tivese falado nas reunións que convocou a Sra. Rodríguez Calvar. Sinala que a proporcionalidade nas mocións semella acertada e poderá debatirse no pleno de aprobación definitiva.

Sra. Rodríguez Calvar: di que máis que alixeirar os regulamentos habería que alixeirar o contido dos plenos. Di que nas reunións previas non se fixeron as aportacións que agora se están a facer. Considera necesario que este regulamento se cumpra e indica que está dirixido non so aos políticos, senón tamén á cidadanía, de aí que se recolla toda a normativa na materia.

Lembra que hai un portal de transparencia onde está publicada toda a documentación de carácter obrigatorio, coma as asignacións económicas, indemnizacións e declaracións de ben e intereses.

Asimesmo indica que hai unha norma específica en materia de transparencia como é a Ordenanza reguladora de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos aprobada polo Pleno na sesión do 1 de agosto de 2016.

Sinala que a participación da cidadanía está regulada nunha norma do ano 1982 que debe ser actualizada e que require unha norma propia e individualizada na que se está a traballar.

En canto ás mocións sinala que o ROM contempla a posibilidade de engadir máis mocións cando así o acorde a Xunta de portavoces.

Sr. Iglesias Santos: lembra que non houbo máis reunións que unha realizada ás seis da tarde, pese a que é un horario imposible de compatibilizar co horario laboral.

Sr. Millán González: lembra que o ROF permite dúas intervencións polos concelleiros. Indica que a Sra. Rodríguez Calvar non cuestionou a súa proposta de proporcionalidade na presentación de mocións. Sinala que é posible que a revisión do regulamento de participación veciñal afecte ao ROM e provoque a súa necesidade de modificado.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Votos en contra: 9 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE.

Abstencións: 1 de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 286/2017. Aprobación inicial da Ordenanza Festas do Cristo

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria



A favor: 11, En contra: 9, Abstencións:
1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 23.03.2017, relativa a aprobación inicial da Ordenanza Festas do Cristo que é como segue:

“Proposta do Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística

Visto o proxecto de Ordenanza municipal reguladora do outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público por atraccións feirais desmontables, casetas e similares durante as festas do Cristo, elaborado polos servizos municipais.

Visto o Informe de Secretaría de data 23 de marzo de 2017 e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público por atraccións feirais desmontables, casetas e similares durante as festas do Cristo, nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Mera Herbello: explica o contido da súa proposta. Fai referencia á organización das festas do Cristo nos últimos dous anos e, en atención a esta experiencia toca dar un paso máis, que é a aprobación inicial desta ordenanza. Di que espera que haxa achegas por parte da oposición qu enriqueza a ordenanza.

Sr. Gestido Porto: non entende para que se fixo esta ordenanza, xa que o seu obxecto é regular a instalación das atraccións feriais, establecendo un horario e pouco máis. Que pasa coas instalacións das orquestas? Que pasa se os feirantes queren colocar algún posto menos de 9 días? Cre que esta ordenanza demostra a incapacidade para organizar unha festas por parte do Sr. Mera Herbello. Cre que xa hai leis que limitan os horarios das atraccións feriais e regulan os condicionantes da súa instalación, o que falta é persoal que vixile e controle o funcionamento dos postos rigorosamente. Considera que a posta en marcha desta ordenanza non vai a solucionar os problemas existentes e só servirá para ter titulares na prensa.

Lembra que segue sen darse explicacións sobre os gastos xerados polas festas.



Di que votará en contra porque a ordenanza via acabar coas festas.

Sr. Iglesias Santos: agradece que por primeira vez se traia un proxecto de ordenanza para poñer certa orde na organización das festas do Cristo. Pide que se vaia máis aló e isto se extenda ás festas principais das parroquias.

Cre que o artigo 4 está excesivamente constreñido porque é o goberno municipal o que deber ter a competencia para adoptar as decisións máis oportunas na organización das festas en función das circunstancias de cada ano.

En canto aos requisitos debería engadirse a obriga de estar ao día co ORAL e a tesourería municipal. Tamén habería que esixir que a xente que traballa nas actuacións estea dada de alta, aportando os TC correspondentes.

O seguro de responsabilidade civil debería incrementarse en función do tipo de actuacións porque 150.000 é un límite moi baixo. Tamén habería de esixirse un plan de emerxencias.

Di que fará alegacións e que se vai a abster na votación.

Sr. Millán González: afirma que lle gustaría que o documento fixese referencia ao feito de que o terreo onde se celebren as festas non pertence exclusivamente ao concello, senón a outras administracións, polo que bota en falta o informe destas.

No artigo 1 cre que hai unha falta de concreción, cree necesario que as actividades recreativas ocasionais estiveran máis concretadas cunha lista limitada, para evitar que se poida incluír calquera actividade.

Tamén cre pouco concreto valorar os postos que presenten novidades. Cales son esas novidades que se van valorar, por quen e con canta puntuación?

O procedemento de tramitación vai sobrecargar de traballo ao persoal municipal polo que cre que habería de pulirse máis.

Sr. Mera Herbello: di que lle enerva escoitar ao Sr. Gestido Porto, que cando foi responsable das Festas do Cristo, durante catro anos non documentou ningún expediente en relación coas Festas do Cristo, a ocupación durante as festas do Cristo non se documentaba, cobrábae en negro e non se presentaban contas das festas. Lembra que o interventor municipal fixo un informe rigoroso de fiscalización das festas do Cristo no último ano que se lles pasou aos grupos, algo que non fixo durante a época en que o Sr. Gestido Porto foi concelleiro de cultura.

Sinala que as referencias a horarios, número de días de duración das festas e demais suxestións vanse revisar e a estudar de cara á aprobación definitiva.

Pide que o Sr. Gestido Porto presente as contas en vez de criticar o feito de que agora se traia a pleno un documento que regula a ocupación de espazos durante as festas.

Indica que houbo uns ingresos de 70.000 euros, quedando por cobrar na vía executiva 27.000 euros de persoas que se non pagan non poderán participar nas próximas festas. Sinala que se pagaron as festas coa recadación, habendo unha retención de crédito presupostaria para facer fronte aos pagos, se ben houbo un certo desfase porque se rectificou o procedemento que



inicialmente se ía a aplicar.

Sr. Gestido Porto: di que efectivamente espera que a Sra Secretaria recolla en acta todo o que o Sr. Mera Herbello dixo. Di que se levan dous anos sen ter moi claro nin a organización nin os gastos das festas do Cristo.

Considera que o Sr. Mera Herbello non deu explicacións sobre as cuestións que lle plantexou sobre a ordenanza. Espera que a ordenanza se retire, xa que non se vai cumprir.

Sr. Millán González: di que o Sr. Mera Herbello non respostou ás dúbidas presentadas sobre a ordenanza. Espera que non se repita o desfase económico que se derivou das festas no último ano.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Votos en contra: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e1 de "CANGAS DECIDE")

Abstencións: 1 do PsdeG-PSOE

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1465/2017. Aprobación inicial do Regulamento do Observatorio Municipal da Infancia

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 19, En contra: 0,
Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do Concelleiro de Ensino e Deporte do día 22.03.2017, relativa a aprobación inicial do Regulamento do Observatorio Municipal da Infancia, que é como segue:

“Proposta do Concelleiro de Ensino e Deporte de aprobación inicial do Regulamento do observatorio municipal da infancia

Considerándose de interese para este Municipio a aprobación dunha norma que regule a creación e funcionamento dun órgano transversal e interdisciplinar, onde se trate de avaliar a situación actual e de dotar dos recursos axeitados de todo ámbito a fin de mellorar a calidade de vida da nosa infancia.

Iniciado o expediente pola Concellería de Ensino e Deporte e redactado o texto do Regulamento do Observatorio Municipal da Infancia do Concello de Cangas.

Visto o informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable de data 21 de marzo de 2017.



Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao mesmo a adopción do seguinte

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento do Observatorio Municipal da Infancia do Concello de Cangas nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter o Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

Incidencias:

Cando son as 21:18 horas abandona o Salón de Sesiós o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeiro tenente de Alcalde, Sra. Giráldez Santos.

DELIBERACIÓNS:

Sr. Chillón Iglesias: explica o obxecto da súa proposta, vinculada ao desexo de conseguir pobos e cidades máis humanizados de cara á infancia, tras a adhesión á rede de concellos impulsada por Francesco Tonucci.

Trátase de poñer en valor a infancia desde un punto de vista transversal que englobe todas as áreas. Espera que non mes de maio tras a aprobación do regulamento se poñan en marcha os órganos recollidos nesta norma, iniciando a andadura cunha conferencia sobre os dereitos da infancia en primeiro lugar que tería lugar a finais de maio.

Sr. Gestido Porto: di que xa votou a favor deste proxecto no pleno do 29 de abril, bota en falta a participación dos demais grupos e dos colectivos afectados. Cre que aprobar normas non vale de nada se a norma queda en papel e non se cumpre. Váise abster.

Incidencias:

Cando son as 21:23 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde.

Sr. Iglesias Santos: di que se vai abster porque quere facer un par de aportacións no período de exposición pública.

Indica que a representatividade das asociacións que teñan no seu obxecto social a integración debería matizarse que se trate de integración da infancia.

Cre que debería incluírse un representante de cada centro educativo e tamen das escolas infantís



Galiña Azul.

Sra. Gallego Santos: cre que habería que matizarse a “integración de nenos e nenas” en canto ao obxecto social das asociacións representadas no observatorio de infancia.

Sr. Chillón Iglesias: agradece as intervencións e di que están abertos a todas as suxestións que se poidan facer.

Sinala que a composición dos órganos tratou de regularse de forma que no seu funcionamento sexan operativos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 19 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 8 do PP.).

Abstencións: 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 931/2017. Aprobación inicial de modificación do artigo 6.6.3 da Ordenanza Fiscal núm. 16 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Concelleira de Transparencia, Participación Veciñal e asociacionismo, do día 23.03.2017, relativa a aprobación inicial de modificación do artigo 6.6.3 da Ordenanza Fiscal núm. 16 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos que é como segue:

“Proposta da Concelleira de Transparencia, Participación Veciñal e Asociacionismo de aprobación inicial de modificación da ordenanza fiscal núm. 16

Visto que a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos unicamente contempla no seu artigo 6 bis unha exención por compulsa de todo tipo de documentos a favor dos suxeitos pasivos que acrediten atoparse en situación de desemprego

Considerando necesario establecer unha modificación na ordenanza que exima da taxa de compulsa aqueles documentos que deban incorporarse obrigatoriamente aos expedientes tramitados polo Concello de Cangas e se adxunten a unha instancia ou solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello ou nos Rexistros municipais auxiliares.

Visto o informe técnico-económico emitido por Intervención en data 22 de marzo de 2017.



No uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo,

PROPOÑO:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación do artigo 6, concretamente do punto 6.6.3 “Dilixencia de compulsa de todo tipo de documentos” da Ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos (BOP núm. 248 de 30.12.2013), coa redacción que a continuación se recolle:

6.6.3 “Dilixencia de compulsa de todo tipo de documentos (por cada folla incluídas as dúas caras), agás aqueles documentos que deban incorporarse obrigatoriamente aos expedientes tramitados polo Concello de Cangas e se xunten nunha instancia ou solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello ou nos Rexistros municipais auxiliares.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <https://cangas.sedelectronica.gal>.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Rodríguez Calvar: explica a súa proposta, que ten por obxecto eliminar o cobro de compulsa da documentación que se presente no rexistro do Concello de Cangas igual que acontece noutras administracións como a Xunta ou as universidades.

Sr. Millán Blanco: pregunta se a documentación que se presente no portelo único estaría exenta de pago ou non?

Sra. Rodríguez Calvar: resposta que non, que se limita á documentación que se dirixa ao concello, cre que a redacción é clara.

Sr. Millán Blanco: indica que a entrada en vigor desta ordenanza será ao día seguinte da publicación no BOP, o que implica unha redución de ingresos que afectará ao orzamento deste ano, polo que sería importante indicar que partidas se van minorar.

Sr. Alcalde: di que se minorará a partida de gastos protocolarios.



Sra. Rodríguez Calvar: cre que a redacción da modificación é clara, pero non ten problema en que se inclúa unha coetilla.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

Expediente 1575/2017. Moción BNG 08.02.17 s/ sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 2, En contra: 8,
Abstencións: 11, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG, presentada o día 08.02.2017, relativa ao sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos que é como segue:

“Moción para demandar un sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos en Galicia

O actual sistema estatal de financiamento autonómico, vixente desde 2009, amosou a súa ineficacia para atender os servizos públicos básicos durante a crise.

A Conferencia de Presidentes que tivo lugar en xaneiro de 2017 únicamente acordou iniciar os traballos para a súa revisión, xa que desde 2014 estaba prorrogado por decisión unilateral do Goberno central. As conclusións deste conclave deixan entrever que o Goberno central e os gobernos das comunidades autónomas presentes non teñen interese en facer unha revisión a fondo do sistema de financiamento, mantendo en mans da administración central do Estado a maior parte da capacidade fiscal e recadatoria.

Desde o BNG cremos necesario mudar o actual modelo, onde Galicia recibe o que se acorda desde Madrid, sen capacidade para exercermos unha política fiscal propia. Galicia ten competencias en políticas sociais fundamentais, xestionando os servizos básicos máis relevantes: sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia. Asume, polo tanto, a responsabilidade sobre unha parte importante das denominadas "políticas de benestar", que requiren de elevados recursos económicos para o seu funcionamento. A pesar diso, este sistema de financiamento, baseado en transferencias e cesión de impostos, apenas lle permite a Galicia decidir realmente sobre a política fiscal, sobre a xestión e recadación dos impostos que se pagan aquí, que son o soporte que realmente financia as competencias e servizos básicos atribuídos a Galiza.

O proceso consecuente coa descentralización competencial habería de configurarse arredor do principio polo cal a quen lle corresponde manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ha de ostentar a responsabilidade da política fiscal. Nestes momentos, a Xunta de Galicia, en virtude da descentralización competencial, é titular dos servizos básicos anteditos,



co que destina a maior parte do seu orzamento de gastos a políticas sociais. O propio Goberno galego actual cifra en 7 de cada 10 euros a porcentaxe de fondos do orzamento da Xunta destinados a políticas sociais e, non obstante, a pesar de exercer as competencias nos servizos públicos básicos e do gasto social, non ten capacidade para responsabilizarse do ingreso para financíalo. Así, no que atinxe aos ingresos, case 2 de cada 3 euros do orzamento da Xunta de Galiza dependen do sistema de financiamento común, cuxas decisións fundamentais determina o Estado. Dunha banda, pola capacidade á hora de fixar os mecanismos do reparto, pois o Estado ten os mesmos votos que o conxunto de todas as comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financeira. Doutra banda, por que estes recursos teñen orixe na política fiscal, cuxo deseño e aplicación a través da regulación e recadación dos principais tributos tamén exerce o Goberno central.

Se Galiza optase por un sistema de concerto económico co Estado español, sería a Xunta de Galiza, como administración responsable de cada un dos servizos públicos básicos, quen decidise o diñeiro destinado a estes e responsable de decidir sobre os impostos. Iso suporía que as persoas obrigadas pola imposición fiscal poden identificar con maior clareza o custo-beneficio do gasto público. Certamente, cun sistema de concerto para Galiza avanzamos á hora de decidir por nós mesmos/as, mais tamén nos convén do punto de vista económico, tamén gañamos diñeiro para atender as competencias do noso país.

O BNG aposta por un sistema máis racional e transparente do punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado que logo reviste coa denominada "solidariedade interterritorial", que nunca tivo unha demostración empírica da súa aplicación.

Fronte ao actual sistema de financiamento autonómico só dous territorios tiveron un sistema de concerto co Estado, e nunca entraron nas leas sobre a suficiencia do modelo, as eivas para financiar os servizos básicos, ou outras similares. Ao contrario, os modelos de concerto vasco e navarro atinxiron sempre alto nivel de consenso entre as administracións implicadas, e conseguiron ademais que as facendas destes territorios gozasen dunha maior suficiencia financeira, e mesmo acreditaron unha maior eficacia á hora da aplicación da política fiscal. Ademais, agora xa se están a expresar voces autorizadas a prol do concerto económico entre o Estado e Catalunya, como foi o caso do propio presidente da Xunta, Núñez Feijoo, quen, en novembro pasado, se amosou disposto a discutir que Catalunya teña un concerto similar ao vasco ou navarro. Iso implicaría que as nacións ('nacionalidades históricas' na terminoloxía constitucional), gocen dun sistema de relacións económicas e fiscais bilaterais co Estado, co que Galiza non pode ficar á marxe, do contrario estaría a admitirse unha intolerable rebaixa do seu estatus institucional e político.

Por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada á do ingreso, sen Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin do deseño dunha política económica propia de políticas acaidas de estímulo aos nosos sectores produtivos. Non pode haber redistribución social se non podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galicia.

As galegas e os galegos estamos a contribuír con máis diñeiro en impostos ao Estado español do que o Goberno central logo transfere para o noso financiamento. Se nos remitimos ás liquidacións tributarias, a recadación dos impostos en Galicia asignados ao sistema de financiamento (datos de 2014, últimos dispoñíbles) foi de 9.188 millóns de euros, e engadindo a parte que nos correspondería de impostos totalmente centralizados (entre eles o Imposto de



Sociedades) en función do peso económico de Galiza no conxunto do Estado (1.942 millóns máis) a recadación final ascende a 11.131 millóns de euros. Pola súa banda, as remesas do sistema de financiamento a Galiza foron no ano 2014, 7.034 millóns de euros.

O sistema de concerto permite mellorar o financiamento dos servizos básicos, ampliar as competencias asumidas para incorporar á administración galega (salvamento marítimo, policía galega, etc); e, sobre todo, asumir a administración do financiamento dos concellos de Galicia e unha distribución acorde á realidade local galega e superar o actual reparto discriminatorio do Estado que para concellos de menos de 75.000 habitantes non ten en conta os maiores custos que supoñen a dispersión xeográfica e o avellentamento, ou premiando a concentración poboacional de Madrid, Barcelona ou Valencia, en detrimento de Vigo, A Coruña ou Ourense.

Tamén se evitaría que se dese preferencia desde o Goberno central a destinar os nosos impostos para rescatar a banca privada, manter o avultado financiamento de defensa e armamento militar ou soste un aparello burocrático centralizado sen vinculación coa prestación de servizos.

Frente á idea dunha Galicia deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos, apoiar aos sectores produtivos, e mesmo mellorar o financiamento dos concellos galegos en base a un reparto con criterios propios.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno galego a:

a) Defender un novo acordo de financiamento para Galiza, baseado no concerto económico, na atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, para asegurar a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo.

b) Demandar, con base no modelo de concerto económico, a territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para adaptarnos ás necesidades de Galiza e para dotar ao goberno galego dun elemento esencial de autogoberno: a política fiscal.

c) Impulsar a creación dunha Axencia Tributaria Galega, que terá capacidade para a organización e o exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsable, de todos os tributos soportados en Galiza. Esta Axencia será a encargada de levar a termo:

- A transferencia dos recursos necesarios desde Galiza ao Estado en concepto do custo das competencias e dos servizos comúns prestados que afecten a Galiza, que será fíxada con carácter plurianual e revisable en función de criterios e parámetros obxectivos.

- A transferencia aos concellos galegos, con base nun modelo propio de financiamento local, dos recursos necesarios para atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local



galega

d) Promover a creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que sirva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

2. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno galego, ao presidente do Parlamento de Galiza e ás persoas portavoces dos grupos parlamentares."

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giráldez Santos: explica o contido da moción, considera que a reforma da lei de financiamento é un tema primordial e o BNG quere defender o control total pola Comunidade Autónoma sobre os seus ingresos, Galicia produce máis que suficiente para manter os seus servizos, cre que a solidariedade interterritorial no caso de Galicia non é certa. Fai referencia ás contías recollidas na moción. Considera que a administración estatal non ingresa o que a comunidade autónoma de Galicia merece en función das súas aportacións. Se Galicia ten transferidos tantos servizos, o normal e que se perciban os ingresos correspondentes.

Cre que é o momento de defender un novo modelo de financiamento tanto a nivel autonómico como local, a través do concerto proposto na moción. Dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Gestido Porto: cre que esta moción enche o pleno dunha materia que non é competencia plenaria nin ten unha grande repercusión en Cangas. Pide que esta moción se presente no parlamento de Galicia. Váise abster.

Sr. Millán Blanco: entende que para un nacionalista falar de concerto é positivo, pero o certo é que os datos que deu a Sra. Giráldez Santos non son reais.

Galicia ten unha renta per cápita por debaixo da media, polo que, o sistema de financiamento autonómico non busca financiar cuestións identitarias, senón de persoas, os servizos préstanse para todos os cidadáns independentemente dos territorios. Cre que o sistema de financiamento debe establecerse de forma consensuada. Dá lectura á conclusión emitida polo Foro económico de Galicia sobre os sistema de concerto, elaborado polo departamento de economía aplicada das tres universidades galegas. Di que votarán en contra.

Sr. Iglesias Santos: di que na actualidade Galicia necesita un 60% de financiamento de outras comunidades para manter os seus servizos. Cre que é necesario outro sistema de financiamento para os concellos e tamén é necesario máis financiamento para certos servizos tendo en conta que Galicia ten unha poboación moi envellecida. Está de acordo co principio de solidariedade e cre que o sistema de concerto que ten o País Vasco non é aplicable a Galicia. Si cre que as comunidades autonomas deben ter máis voz ante o goberno central para que cheguen os cartos que necesitamos.

Sr. Abalo Costa: cre que é necesaria esta reivindicación de carácter socioeconómico porque Galicia está no vagón de cola. Considera que Galicia está sendo maltratada polo goberno central. Lembra o expolio de enerxía que se lle fai a Galicia. Votarán a favor.

Sra. Giráldez Santos: dí que a intervención do Sr. Gestido Porto é unha necesidade, por considerar que o sistema de financiamento local non afecta a Cangas, se queremos dar un bo



servizo á cidadanía necesitamos fondos e parte deses fondos veñen do Estado e da Comunidade Autónoma.

Di que a recadación que fai Galicia en territorio galego, no ano 2014, segundo datos oficiais foron 9 mil millóns de euros e recibimos 7 mil millóns de euros e iso sen contar a recadación do imposto de sociedades, polo que non é certo que Galicia non aportou e non produce. Pide que Galicia reciba o que lle corresponde, nin máis nin menos, non ten sentido que a comunidade autónoma asuma tantos servizos e cada vez reciba menos ingresos.

Defender un financiamento para os concellos galegos distinto do resto das autonomías cre que é necesario.

Sr. Millán Blanco: indica que o BNG ten a manía de repartir os caracteres de identidade de Galicia. A Sra. Giráldez Santos esqueceuse da falar das transferencias dos ingresos fiscais, cre que si é posible un modelo de financiamento mellor para Galicia, pero non o concerto económico.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Votos en contra: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Abstencións: 2 (1 do/a concelleiro/a presente do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1576/2017. Moción PSOE 15.02.17 s/ a "Couza guatemalteca" e os seus efectos no cultivo da pataca

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, presentada o día 15.02.2017, relativa a que é como segue:

"Moción que presenta o Grupo Socialista do Concello de Cangas, referente á "couza guatemalteca" e os seus efectos no cultivo da pataca.

ALFREDO IGLESIAS SANTOS, CONCELLEIRO-PORTAVOZ do PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA - PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno de la Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A praga denominada "couza guatemalteca da pataca", provocada polo organismo nocivo



denominado "Tecia solanivora Povolny" ou "Scrobipalopsis solanivora Povolny", é unha das de maior importancia económica no cultivo da pataca en América Central, de onde é orixinaria, e nos países de América do Sur, nos cales se foi introducindo. En Europa foi observada e identificada nas Illas Canarias no ano 1999, chegando a producir en algunhas campañas perdas próximas ao 50 % da produción total.

A praga foi detectada en Galicia en Agosto do 2015, nos Concellos de Ferrol, Narón e Neda. Estendéndose o territorio delimitado a Cervo, Foz, Xove, O Valadouro e Viveiro mediante a Resolución de 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Mediante Resolución do 2 de febreiro de 2017, publicada no DOG o luns 6 de febreiro amplíase a zona aos Concellos de Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugar dos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón e As Pontes de García Rodríguez na Provincia da Coruña e a diversos concellos da Provincia de Lugo, quedando afectados: O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Oourol, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova.

Segundo declaracións da Directora Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias o Ministerio de Agricultura está a redactar un Real Decreto que recolle a prohibición de realizar nas plantacións nas zonas determinadas pola devandita Resolución. Sen lugar a dúbidas a pataca é un dos produtos máis característicos da nosa comunidade, tanto pola cantidade coma pola súa calidade, tanto é así que existe o recoñecemento da Indicación Xeográfica Protexida "Pataca de Galicia", que debido a esta praga corre un grave risco, xa que logo, de entre os concellos afectados pola delimitación, moitos deles pertencen á subzona Terra Chá- A Mariña.

Ademais é de resaltar a gran cantidade de fogares que cultivan para o seu autoconsumo este produto así coma para a súa comercialización o que supón un dos factores económicos clave para o noso rural.

Debido a que a temporada de plantación da pataca está a piques de comezar e a inseguridade xurídica que trae consigo o anuncio deste futuro real decreto de prohibición de plantacións, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes

ACORDOS:

1º.- Instar á Xunta de Galicia á creación dunha Comisión Técnica de Seguimento da couza da pataca na que estean representados a Xunta de Galicia, a FEGAMP, o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia e a IXP pataca de Galicia, en relación ás medidas de control da praga, das accións informativas que se leven a cabo, así como da devolución do Decreto que publicou o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: explica a moción que ten por obxecto chamar a atención sobre unha situación sobrevenida fai pouco respecto da que non se adoptaron as medidas axeitadas para obter unha solución inmediata.

Sr. Graña Graña: cre que a Xunta actuou debidamente desde os anos 2015-2016 e neste ano, aprobouse unha resolución para adoptar medidas urxentes para acotar as zonas afectadas e



adoptando medidas de información e divulgación. A día de hoxe se está a facer unha campaña de vixilancia de camiões. Todo isto realizaouse de forma consensuada con todos os organismos afectados. Sinala que parte dos pedimentos que recolle a moción xa se están a cumprindo coma é o caso dos punto 1º e 2º. Presenta unha emenda de substitución, que di:

“Instar á Xunta de Galicia á creación dunha Comisión Técnica de Seguimento da Couza da pataca na que estean representados a Xunta de Galicia, a FEGAMP, o Laboratorio Ditopatolóxico de Galicia e a IXP Pataca de Galicia, en relación ás medidas de control da praga, das accións informativas que se levan a cabo, así como da evolución do Decreto que publicou o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.”

Sr. Iglesias Santos: acepta a emenda.

Sra. Castro Paredes: di que o equipo de goberno votará a favor e lembra que o goberno autonómico non presuposta partidas para facer fronte á praga, como puxo de manifesto o problema da couza.

VOTACIÓN E ACORDO DO TEXTO EMENDADO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o texto emendado que di:

“Instar á Xunta de Galicia á creación dunha Comisión Técnica de Seguimento da Couza da pataca na que estean representados a Xunta de Galicia, a FEGAMP, o Laboratorio Ditopatolóxico de Galicia e a IXP Pataca de Galicia, en relación ás medidas de control da praga, das accións informativas que se levan a cabo, así como da evolución do Decreto que publicou o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.”

Expediente 1577/2017. Moción PP 21.02.17 s/ Adhesión ao Convenio IGVS-FEGAMP de vivendas baleiras de Galicia

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 11, En contra: 9,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 21.02.2017, relativa a adhesión ao convenio IGVUS-FEGAMP de vivendas baleiras de Galicia, que é como segue:

“José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 26 de Febreiro do 2016 publícase no DOGA o Decreto polo que se crea o censo de vivendas baleiras de Galicia, e o 3 de Maio do 2016 asínase o convenio entre IGVS e FEGAMP (Conselleira de Infraestruturas e Vivenda e Pte. FEGAMP), publicándose as



bases reguladoras de dito convenio o 19 de decembro do 2016.

Este Programa de vivendas baleiras da Xunta, ten na actualidade 32 Concellos adheridos de toda Galicia e de todas cores políticas, e ven sendo unha medida destinada a converter un conxunto de vivendas desocupadas nunha bolsa de vivendas sociais á disposición das familias que necesitan apoio. Para que este Programa sexa atractivo tamén para os propietarios a Xunta ofrece garantías, un seguro multirisco e un seguro de garantía de cobro con asistencia e defensa xurídica, para dar seguridade e tranquilidade aos arrendatarios. Os Concellos son os encargados de mobilizar esas vivendas e adxudicalas ás familias que teñen dificultades para acceder a un fogar, tendo a capacidade de propor o procedemento de selección dos arrendatarios e a adxudicación das vivendas respectando a relación de colectivos preferentes segundo o citado convenio IGVS-FEGAMP, convenio que fixa un prezo máximo da renda do aluguer a cada Concello , sendo no caso de Cangas, ao estar encadrado na Zona Territorial 1, de 300 € /mes. Desde o Grupo Municipal do PP non entendemos como Cangas, neste momento gobernada por partidos que fixeron bandeira electoral da loita contra os desafiuzamentos, non este adherido a este programa que o único que busca é dar solucións reais a problemas reais das persoas.

Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno do Concello de Cangas insta ao equipo de Goberno a que tome as medias necesarias para a adhesión ao convenio IGVS-FEGAMP de vivendas baleiras de Galicia.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Costas: expón o contido da moción. Sinala que Cangas debe de estar dentro deste convenio.

Sr. Alcalde: aclara que o Concello de Cangas xa acordou a adhesión ao mesmo.

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que Concello está adherido a este convenio desde o 04.05.2016 por acordo de XGL e o convenio asinouse o 25 de agosto.

Sr. Iglesias Santos: pide unha copia deste convenio.

Sr. Soliño Costas: di que nos últimos 15 días fixeron varias consultas á Xunta de Galicia e respostaron que Cangas non está adherida, a Xunta de Goberno Local acordou a adhesión, pero non se continuou o trámite, e non se chegou a asinar o convenio. O Concello xa perdeu unha subvención de 147.000 euros para a aula de estimulación e agora non asina o convenio das vivendas.

Sr. Hermelo Álvarez: di que el asistíu a unha reunión co IGVS para ceder dúas vivendas en base a este convenio, polo que non entende a que ven a intervención do Sr. Soliño Costas.

Sr. Alcalde: sinala que el tamén asistíu a esa reunión co IGVS.

Sr. Soliño Costas: repite que o convenio non está asinado.



Sr. Abalo Costa: di que entón a Xunta esta actuando irregularmente porque está a xestionar unha vivenda baleira con Cangas sen ter supostamente o convenio asinado.

Sr. Soliño Costas: pide que se asine o convenio.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Votos en contra: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE)

Abstencións: 1 de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1578/2017. Moción do grupo municipal do PP 28.02.17 s/ programación cultural en torno a Carlos Casares

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 28.02.2017, relativa a programación cultural en torno a Carlos Casares, que é como segue:

“O próximo 9 de Marzo cúmprese 15 anos do falecemento do escritor Carlos Casares Mouriño, escritor ao que este ano 2017, a Real Academia Galega dedica o día das Letras Galegas, destacando segundo as verbas do Presidente de dita Institución, pola súa calidade, a vocación abertamente comunicativa e o carácter variado da súa obra, así como un compromiso inequívoco coa lingua galega.

Aínda que nado en Ourense, tivo unha importante vinculación con Cangas, sendo profesor no IES de Rodeira e vivindo un longo tempo na rúa que hoxe leva o seu nome no barrio do Espírito Santo .

Obras como "Cambio en tres, Un país de palabras, Os mortos daquel verán, Vento ferido, A galiña azul, O sol de verán, As laranxas mais laranxas de tódalas laranxas ", son exemplos da súa ampla e importante obra literaria, sendo pioneiro da literatura infantil en galego. Precisamente estando en Cangas recibe o Premio da crítica da narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios (1975) pola obra "Xoguetes para un tempo prohibido ".

Si salientable foi a súa obra literaria, non menos importante foi a súa relación coa prensa escrita, destacando a colaboración con "La Voz" coa sección "A ledicia de ler "(1975) ou na súa columna diaria "Á marxe"(1992).



Destaca tamén na súa biografía, ademais de ser membro da RAG (1977) Presidente do Consello da Cultura Galega (1996-2002), Presidente do Pen Club de Galicia (1996-1999), Deputado no primeiro Parlamento Galego (1981), Director da editorial Galaxia (1985) e tamén da revista Grial.

Por todo iso o PP de Cangas, entende que ao igual que están a facer Concellos como os de Ourense ou Nigrán, a obra literaria de Carlos Casares e a súa vinculación con Cangas, ben merece una programación cultural en torno tanto a esta data tan sinalada como o día das Letras Galegas 2017

Proposta de Acordo:

O Pleno da Corporación de Cangas insta o Goberno Municipal, a levar a cabo unha programación cultural entorno ás «datas antes citadas, resaltando a vida e a obra literaria de Carlos Casares Mouriño e a súa vinculación co noso Concello.»

DELIBERACIÓNS:

Millán Blanco: explica o obxecto da moción, referido a unha persoa que para o municipio de Cangas foi moi importante.

Sr. Mera Herbelo: di que está de acordo co sentido da moción e sinala que o programa ao respecto xa está pechado. Agradece especialmente a colaboración do IES Maria Soliño.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

Expediente 1581/2017. Moción de grupo PP 17.03.17 s/ O programa Ciudad Ciencia

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 10, En contra: 11,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 17.03.2017, relativa ao Programa Ciudad Ciencia, que é como segue:

“D. Jesús M. Graña Graña como concelleiro do grupo municipal do Partido Popular ten a ben levar a seguinte proposta para ser debatida no Pleno Municipal.

Exposición de Motivos

En outubro de 2013 o Concello de Cangas asinou un convenio para formar parte dun gran proxecto de divulgación científica chamado Ciudad Ciencia. Cangas é o único concello de Galicia que forma parte de Ciudad Ciencia, cuxo obxectivo principal é dar



a coñecer a ciencia, a tecnoloxía de vangarda, ademais de fomentar as vocacións científicas e salientar a importancia e utilidade dos traballos dos/as científicos/as cara a vida cotiá.

O antedito proxecto pon a disposición do noso Concello, o estar adherido ao programa, interesantísimas actividades de divulgación científica en diferentes formatos: conferencias, debates, exposicións, visitas aos centros de investigación, etc ..Ademais dos talleres on line de participación cidadán.

A día de hoxe hai un enlace directo e activo na páxina web do Concello para acceder a información e as distintas actividades de este proxectourante a pasada lexislatura desenvolvéronse as seguintes actividades:

- 1) Conferencia - debate : "Contaminación mariña na Ría de Vigo".*
- 2) Conferencia - debate: Alimentos mariños: saúde e ciencia*
- 3) Exposición: "El Universo para que lo descubras".*
- 4) Charla - debate: "El Universo ¿coñecido?". Para Colexios e Institutos.*
- 5) Conferencia - debate : "A agricultura ecolóxica: introdución e agroecoloxía.*
- 6) Visita do Laboratorio móbil del Centro de Astrobiología.*
- 7) Actividade relacionada coa visita do laboratorio móbil : "Buscando vida no Universo".*
- 8) "The Big BangTheory": obra de teatro científica.*

Na lexislatura actual, no seu comezo, houbo dous actos un dos cales xa viña xestionado da anterior lexislatura con participación de escolares.

Desde novembro do 2015, este proxecto desapareceu do Concello de Cangas. Non se realizou actividade ningunha desde esa data ata a actualidade.

Lembrar que estas actividades son totalmente gratuítas para o Concello, que só aporta a loxística (espazos e salas, son, etc.) necesaria.

Por todo o argumentado anteriormente solicitamos a Corporación a aprobación das seguintes propostas de acordo:

- 1) Que se retome na maior brevidade posible a actividade do proxecto Ciudad Ciencia na nosa vila, con o compromiso adquirido de realizar tres actividades mínimo anualmente.*
- 2) Que se reúna a comunidade educativa, asociacións veciñais, culturais, etc, para establecer un calendario de actividades acordado cos técnicos municipais e as concellerías responsables."*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Graña Graña: expón o contido da moción, facendo referencia aos actos desenvolvidos no marco do proxecto Ciudad Ciencia, se ben non se realizaron novas actividades desde o ano



pasado. Dá lectura aos puntos da moción.

Sra. Vizoso Marcos: di que non se cortou a colaboración co proxecto cidade ciencia, senón que o concello seguiu participando como intermediador cos centros escolares. Di que no ano 2016 reclamáronse moitas subvencións para formación polo que se desenvolveron outras actividades neste ámbito que diminuíron as actividades do proxecto cidade ciencia e de feito está pechada unha xornada informativa sobre métodos alternativos aos produtos fitosanitarios que se celebrará o 8 de maio. Repite que en ningún momento se cortou a colaboración co proxecto cidade ciencia.

Sr. Chillón Iglesias: di que desde a área de ensino tamén se colabora nesta materia, algo que non se reflicte na moción. Sinala que facilitou aos grupos a información desenvolvida pola súa concellería no marco do proxecto cidade ciencia. Considera que a súa concellería está a desenvolver un traballo sólido dirixido aos escolares en materia de ciencia onde colaboran os centros escolares, inicialmente públicos, pero tamén se inclurá aos centros concertados. Explica os proxectos desenvoltos neste área e os previstos para o primeiro trimestre do vindeiro curso. Indica que tamén se desenvolveron xornadas de educación científica en todos os centros educativos primaria e secundaria.

Sr. Graña Graña: considera que a intervención do Sr. Chillón Iglesias nada ten que ver coa moción presentada. Pregunta quen está a levar a este proxecto Ciudad Ciencia no Concello de Cangas.

Sra. Vizoso Marcos: di que o director de formación do concello.

Sr. Graña Graña: explica que recibiu un mail o 27 de xaneiro da coordinadora Ciudad Ciencia porque fai un ano que o concello non resposta ao seus mails. Está claro que non se están a cumprir os tres actos anuais co proxecto ciudad ciencia e pide que se retome e non se limite a cursos online.

Sra. Vizoso Marcos: sinala que a día de hoxe sobran liñas de comunicación para localizar a alguén. Explica que a intervención do Sr. Chillón Iglesias estaba referido ao punto 2º da moción. Indica que non se rompeu o contacto co proxecto cidade ciencia e que se continuará a colaborar con eles.

Sr. Chillón Iglesias: aclara que 4 centros docentes de Cangas están a colaborar co proxecto cidade ciencia e que desde a concellería se están a desenvolver na materia moitas máis actividades cos centros escolares. Sinala que ademais se van a celebrar as primeiras xornadas de emprendemento en materia de ciencia.

Sr. Iglesias Santos: lembra que ven pedindo que os diferentes concelleiros presenten a planificación das súas áreas con escaso éxito. Cre lamentable obter información sobre a actividade dunha concelleira a través do debate dunha moción.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita



anteriormente.

Expediente 1580/2017. Moción dos grupos ACE e ASPUN pola biodiversidade fronte a eucaliptización

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 20, En contra: 0,

Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción dos Grupos Municipais ACE e ASPUN, presentada o día 14.03.2017, relativa a biodiversidade fronte a eucaliptización que é como segue:

“MOCION POLA BIODIVERSIDADE FRONTE A EUCALIPIZACION

De acordo e ao abeiro do previsto no art. 46 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

Mariano Abalo Costa, Concelleiro do Grupo Municipal Alternativa Canguesa de Esquerdas ACE somete a consideración do pleno da corporación o seguinte moción Moción pola biodiversidade fronte a eucaliptización

Exposición de Motivos

Co Real Decreto 630/2013 de 2 de agosto entra en vigor o Catálogo Español de Especies Exóticas e Invasoras, co obxecto de reforzar a protección do medio ambiente e a biodiversidade. O problema causado por esas especies foi considerado prioritario dentro da Estratexia da Biodiversidade da Unión Europea para o ano 2020, aprobando o Regulamento 2016/1141 sobre especies exóticas e invasoras.

Dende os anos 60, Galiza, Asturias, norte e centro de Portugal e sur-oeste de Andalucía foron territorios repoboados coa especie exótica eucalipto, para abastecer as fábricas de pasta de papel con esta madeira. O que nun principio pareceu que se trataba de dispor dun número determinado de hectáreas desa especie, co paso do tempo foi incrementándose exponencialmente. Dende as 130.000 ha do ano 1973, segundo o primeiro inventario forestal do estado (IFN), en 2016 chega a ocupar na Galiza máis de 400.000 ha entre masas puras e mixtas (con outras especies), o que representa practicamente a quinta parte do monte galego. E dicir, os eucaliptais medraron en superficie un 300% en 43 anos.

Dito incremento asociase a varias causas. Aparte das repoboacións voluntarias apoiadas e subvencionadas desde a administración o cultivo forestal alternativo, destaca o avance descontrolado cara a terras abandonadas por espallamento da semente, agravado polos incendios forestais cando se dan as mellores condicións de propagación pola velocidade do lume e o lanzamento de muxicas (poden chegar a máis dun km, cos conseguintes riscos para a



poboación do entorno)

Nos últimos 40 anos, a superficie invadida pola semente de eucalipto só a consecuencia dos lumes forestais estímase en máis de 25.000 ha, aumentando o avance descontrolado desta especie. Ademais, os eucaliptais convértense en terreos con escasa biodiversidade, debido aos aceites esenciais das follas, que forman ao caer unha capa sobre o chan cunha baixa taxa de descomposición. Por outra banda, as raíces procuran humidade e auga chegando a percorrer máis de 50 m en eucaliptos de 25 m de altura, penetrando en depósitos e mananciais, e creando unha maraña superficial que impide a filtración das augas cara aos acuíferos.

Dende o punto de vista económico, compre engadir que moitos dos eucaliptais que pasaron dos tres aproveitamentos (tres cortas), pola perda de rendibilidade para o propietario quedan totalmente descoidados, con proliferación de abrochos de cepa, xerando espazos impenetrables de varas carentes de valor económico que fican nese estado ata que volven ser pasto do lume, incrementado a superficie de áreas degradadas. Na actualidade, aproximadamente 175.000 ha con eucaliptos están nesta situación.

O Plan Forestal de Galiza de 1992, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego para un período de 40 anos, que contemplaba poñer freo ás repoboacións de eucalipto, resultou un auténtico fracaso. Partía das referencias do Inventario Forestal Nacional (IFN) do ano 1986, onde os eucaliptais ocupaban 220.000 ha (a proliferación xa era notoria dende o inventario anterior). Analizando a secuencia evolutiva dos eucaliptais entre masas puras e mixtas na Galiza:

1973: I Inventario Forestal Nacional: 131.800 hectáreas. 1986: II Inventario Forestal Nacional: 220.000 hectáreas. 1998: III Inventario Forestal Nacional: 350.000 hectáreas. 2016: Máis de 400.000 ha.

Evidénciase que no período de control previsto no Plan Forestal de Galiza, só entre 1992 (ano da súa publicación) e 1998, a superficie de eucalipto aumenta en 60.000 hectáreas; é dicir, en seis anos excédense as previsións totais do plan de 40 anos.

*Asemade, a proliferación do eucalipto ven acompañada de pragas e enfermidades, (algunhas foráneas, que chegaron coa importación de madeira desa especie), insectos como a *Phoracantha semipunctata*, o *Gonipterus scutellatus* (gorgullo do eucalipto) e fungos. Isto leva aos produtores e ás empresas pasteuras a aplicar insecticidas e funxicidas de forma extensiva e intensiva, con grande contestación social por empregar glifosato (de efectos nocivos para a saúde animal) para diminuír a carga do sotobosque, flufenoxurón (co nome comercial de "Cascade", altamente perigoso) para combater o gorgullo, e a loita biolóxica coa solta de avispiñas *Anaphens nitens*, insecto foráneo.*

A FAO tense pronunciado sobre as plantacións de eucaliptais novos (12-15 anos), que son os que chegan á quenda de corta ideal das fábricas de pasta de papel. Segundo a FAO, estas especies de medra rápida "non regulan tan ben o caudal hídrico coma os bosques naturais, as fortes e longas raíces superficiais fan que compitan coa vexetación rasante e cos cultivos veciños cando a auga escasea. Os eucaliptos non dan bos resultados para conter a erosión en condicións de seca, rematan coa vexetación rasante absorbendo a auga coas súas raíces. A tala continuada de eucaliptos a matarrasa (único método de tala utilizado), orixina un rápido esgotamento dos nutrientes do solo e impide o desenvolvemento de plantas-herbas de ciclo anual. Os eucaliptos desprazan os ecosistemas anteriores, apenas se constata a existencia de fauna, e reducen a biodiversidade".



Se analizamos a aplicación do Convenio Europeo da Paisaxe, Florencia 2000, que entrou en vigor no Estado en 2008, adaptado na Galiza coa Lei 07/2008 de Protección da Paisaxe de Galiza, e a Directiva Europea 2014/52/UE que avalía os proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, sendo de aplicación as repoboacións e intervencións nos montes, pode comprobarse que as administracións responsables fan caso omiso das recomendacións. É evidente o impacto que as repoboacións con eucaliptos e o seu espallamento tiveron, teñen e terán sobre o territorio galego de non modificarse as condicións actuais, nas que se ignoran os aspectos recollidos nas directivas europeas e na lexislación estatal e autonómica en materia de protección da paisaxe, e que dan como resultado centos de hectáreas continuadas, moitas delas afectadas por pragas, producindo anormalidades ambientais como a diminución dos caudais de pozos e mananciais, solos sen biodiversidade, carencia de fauna, contaminación por tratamentos químicos, etc.

Polo tanto, existen motivacións suficientes para que o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño proceda á inclusión do eucalipto como especie exótica e invasora no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras do Estado Español, e de non ser así, que o Parlamento do estado español se pronuncie sobre o asunto. Ademais, proponse a adopción das medidas inmediatas URXENTES que se enumeran a continuación, mentres non se elabore unha nova normativa reguladora que as inclúa na Lei de Montes.

Por todo o exposto, proponse ao Pleno do Concello de Poio a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a declaración do Concello de Poio: "Menos eucalipto e máis biodiversidade" nos seguintes termos: Co fin de frear o esgotamento e desertización do solo e a ameaza ecolóxica que a especie exótica do eucalipto supón para os nosos ecosistemas, o Concello de Poio declárase a prol da biodiversidade, do mantemento, conservación e recuperación sostible da flora e a fauna autóctona da nosa terra.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a inscrición do eucalipto no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras do estado español

Terceiro.- Coa inclusión no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras, e tendo en conta o impacto que podería ter tal resolución sobre algúns propietarios de montes, mentres non se elabore unha normativa para regular a superficie ocupada polo eucalipto adoptaranse as seguintes medidas de carácter urxente, mediante normativa vinculante para as comunidades autónomas:

- Paralización de novas plantacións de eucalipto.*
- Eliminación desta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura).*
- Eliminación do eucalipto nun prazo de cinco anos das terras agrarias ocupadas dende o I Inventario Forestal Español, como primeiro paso na recuperación destes terreos.*
- Eliminación desta especie nun radio de 100 m dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.*



- *Ruptura da continuidade das masas forestais de eucalipto en montes veciñais en man común cada cinco hectáreas, con distancias mínimas de separación entre masas de 100 metros sen esa especie, e en terreos privados particulares cunha separación de 25 metros cada 0,5 hectáreas ocupadas por eucaliptos.*
- *Separación de 200 metros de calquera ben inmobile, dos pastos e das zonas agrarias.*
- *Instar ás administracións a que se doten de orzamento destinado a conceder axudas para o cumprimento destas medidas.*

CUARTO.- Trasladar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, á Consellaría de Medio Rural, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e ao Parlamento Europeo co obxecto de que esta especie se inclúa tamén dentro do Catálogo Europeo de Especies Exóticas e Invasoras.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: aclara que na Comisión Informativa se acordou retirar a moción do grupo municipal da ASPUN e manter a presentada polo grupo da ACE.

Sr. Abalo Costa: explica a moción presentada, expoñendo o contido desta. Sinala que é fundamental incidir nos problemas que levan aparellados a aparición de insectos e fungos perigosos para a propia fauna e para o solo. Dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Gestido Porto: pide que se retire a moción ou se substitúa pola de ASPUN, xa que a moción de ACE fai referencia ao Concello de Poio.

Sr. Graña Graña: pide que e borre a referencia ao Concello de Poio.

Incidencias:

Cando son as 22:52 horas abandona o Salón de Sesiões o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeiro tenente de Alcalde Sra. Giráldez Santos.

Di que por primeira vez vaise ditar unha norma que crea un marco para protexer os montes, regulando a repoboación de eucaliptos, así coma un rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas. Considera oportuno esperar a que entre en vigor a normativa se ben votará a favor.

Sr. Iglesias Santos: di que esta conforme coa moción se ben non está conforme co punto terceiro da mesma, referido aos montes en man común. Pregunta que administración ten que tramitar as axudas expostas na moción.

Sr. Abalo Costa: aclara que o escrito xa foi corrixido. Afirma que se está a debater un tema moi grave. Considera que para eliminar o eucalipto en zonas sostibles é necesario habilitar axudas e que hai razóns sobradas para aprobar esta proposta.

Incidencias:

Cando son as 22:57 horas incorpórase ao Salón de Sesiões o Sr. Alcalde.

VOTACIÓN E ACORDO:



Votos a favor: 20 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.).

Abstencións: 1 de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1579/2017. Moción do grupo ASPUN 14.03.17 S/ introdución dos criterios da Directiva sobre contratación pública (2014/24/EU)

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 12, En contra: 0,
Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal ASPUN, presentada o día 14.03.2017, relativa a introdución de criterios da Directiva sobre contratación pública (2014/24/EU) que é como segue:

“Cangas como Concello de máis de 25.000 habitantes ten que tomar conciencia da importancia do modelo actual de compra e consumo, non só de bens e servizos senón tamén de obra pública executada tanto por si mesmo como mediante empresas externas. Debemos avanzar cara modelos de contratación pública nos que se inclúan criterios de carácter ambiental e social que complementen os criterios económicos, de calidade da prestación, de obxectividade e imparcialidade nos procesos de avaliación e de eficacia na contraprestación que recibe o Concello de Cangas cando realiza unha contratación externa. Trátase de ser conscientes de que imos consumir e que existe detrás do produto ou servizo consumido.

Falamos de incorporar criterios de Compra Verde, Contratación Pública Sostible ou Compra Pública Responsable nos procesos de contratación que realice o Concello de Cangas. Pretendemos implementar cambios a curto prazo nos modelos de consumo enerxético do Concello de Cangas nos edificios e instalacións municipais. E queremos que progresivamente os consumos e contratacións do noso Concello camiñen na mesma dirección.

O fin de estes cambios é apostar por unha redución efectiva das emisións de gases de efecto invernadoiro, un problema ambiental de primeiro nivel fronte ao que todos debemos enfrontarnos de forma clara e nunha única dirección. Debemos apostar progresivamente por enerxías renovábeis, enerxías producidas no territorio máis próximo. Entre as enerxías renovábeis que debemos impulsar encontrase o aproveitamento da biomasa residual procedente das mondas e podas dos montes así como dos residuos producidos nos parques e xardíns. Estas accións non só as temos que cumprir dende o Concello, senón todas aquelas empresas que queiran traballar con nós temos a obriga de esixirllo, xa que esta é a maneira de conseguir un cambio real e efectivo, sendo preciso a medio prazo un Plan de Redución de Gases Invernadoiro.

O que pretende este grupo de goberno non é nada novo pois en moitas capitais europeas (Roma, Copenhague...), e tamén no Estado Español (Madrid, Barcelona, Santiago de Compostela...),



hai unha onda de cambio no que se refire ao papel que as administracións públicas poden xogar para construírmos unha sociedade máis sustentable. A nivel europeo este tipo de propostas encaixan perfectamente dentro dun marco moito máis amplo e ambicioso. Compre mencionar cando menos os seguintes documentos: a "Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador"; o "7º Programa de Acción Ambiental 2013-2020. Vivir ben, respectando os límites do noso planeta"; e tamén o "Cerrar o círculo; plan de acción da UE sobre a economía circular".

Tamén existe normativa a diversos niveis que demanda o cambio nos modelos de contratación pública. A nivel europeo compre mencionar a Directiva sobre contratación pública (2014/24/EU), cuxo prazo de transcripción era abril de 2016 e que, entre outras ideas de interese para esta proposta, incorpora o concepto de "oferta economicamente máis vantaxosa" fronte a aquela máis común de "prezo máis baixo". Este cambio supón a apertura á introdución de calidade e sostibilidade á hora de adjudicar os contratos públicos, tal e como se pretende con esta acción do goberno de Cangas.

Por estes motivos queremos que o Concello de Cangas teña maior implicación na construción dunha sociedade e dunha economía sustentable e aposte por un modelo de consumo consecuente con estas ideas.

Esixir do goberno central e autonómico:•

Esixir o goberno autonómico e estatal a inmediata transposición da Directiva sobre contratación pública (2014/24/EU) e o seu inmediato cumprimento

Para o concello de Cangas:

- Introducir os criterios da Directiva sobre contratación pública (2014/24/EU) en todas as compras municipais nas que sexa posible, primando os criterios descritos anteriormente sobre os económicos. Estudando se é preciso elaborar un marco regulatorio propio onde se recodan todas estas medidas.*
- Como medida inmediata e de compromiso con esta idea, cambiar o noso modelo de subministro de enerxía a provedores con certificación de produción con renovables en este ano 2017 en todos os casos que sexa posible.*

Esixir do goberno central e autonómico:

Esixir ao goberno autonómico e estatal a inmediata transposición da Directiva sobre contratación pública (2014/24/EU) e o seu inmediato cumprimento.

Para o concello de Cangas:

Introducir os criterios da Directiva sobre contratación pública (2014/24/EU) en todas as compras municipais nas que sexa posible, primando os criterios descritos anteriormente sobre os económicos. Estudando se é preciso elaborar un marco regulatorio propio onde se recollan todas estas medidas.

Como medida inmediata e de compromiso con esta idea, cambiar o noso modelo de subministro de enerxía a provedores con certificación de produción con renovables en este ano 2017 en todos os casos que sexa posible."



DELIBERACIÓNS:

Sr. Hermelo Álvarez: explica o obxecto da moción, que é instar ao Estado Central a que faga a trasposición á normativa española da Directiva 2014/24, obriga vixente desde abril de 2016. Fai referencai a algunhas das novidades que incorpora a directiva que permitirían importantes avances en materia de contratación pública, especialmente en aspectos medio ambientais.

Sr. Iglesias Santos: di que na trasposición de directivas os gobernos autonómicos non teñen competencias. Considera que sería interesante elaborar un marco regulatorio primeiro e despois empezar a aplicar na práctica tales medidas.

Sr. Graña Graña: cre que a moción é interesante aínda que pasa un pouco de refilón no aspecto da compra verde, que debería esixirse nos concursos cara as empresas licitadoras. Presenta un engadido á moción. Cre que o papel do Concello para concienciar á sociedade no ámbito medioambiental é importante que se inclúa no campo da contratación pública.

Sr. Hermelo Álvarez: di que a moción non se quixo pechar demasiado en canto a requisitos concretos de esixencias cara aos licitadores, tendo en conta que moitas empresas son pequenos provedores. Cre que o engadido é un paso demasiado grande agora mesmo e que hai que cumprir pasos previos. Sinala que se creará un regulamento primeiramente para establecer un marco do que partir. Non acepta a emenda.

Sr. Graña Graña: cre que e o momento de establecer criterios e pide que se teña en conta que certos requisitos medioambientais son obrigatorios para empresas grandes e pequenas.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, e 1 de "CANGAS DECIDE").

Abstencións: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1767/2017. Solicitud de Cangas Decide de comparecencia Concelleiro de Cultura

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.03.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, presentada o día 02.03.2017, relativa á comparecencia Concelleiro de Cultura que é como segue:

“José Luis Gestido Porto, Concelleiro do Concello de Cangas e portavoz do Grupo Municipal de CANGAS DECIDE, expoño:



Aínda que pasaron varios meses da celebración das festas do Cristo, a entrega por parte do departamento de Intervención do informe de Gastos e Ingresos de ditas festas, onde se reflexa unha diferenza de gastos de -100.895 € e as dúbidas nas contratacións de servizos plantexadas por membros do propio grupo de goberno

Por todo lo exposto, é polo que propono o Pleno da Corporación Municipal:

A Comparecencia do Concelleiro de Cultura de Cangas ante el Pleno da Corporación, en relación ao informe de Intervención para coñecer os motivos polos cal a organización de ditas festas aroxa unha diferenza negativa, maior do importe ingresado.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: di que a comparecencia producirase no mes que vén.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) Moción do grupo municipal PP s/ instar ao Concello de Cangas para a incoación de expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do IBI ,

A Presidencia dá conta da Moción do Grupo Municipal PP do día 31 de marzo de 2017, que di:

“Pío Millán Blanco, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Cangas, presenta a seguinte MOCION para o seu debate en pleno:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 31 de outubro de 2014 se presenta unha proposta de alcaldía, na que consta o seguinte acordo: "O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado na porcentaxe de 0,55 % sobre a base liquidable tal e como é definida nos artigos 66 e seguintes do texto refundido", dita proposta foi aprobada definitivamente e publicada no BOP antes do 31 de decembro de 2014. Este descenso do tipo impositivo foi posible pola mellora dos resultados orzamentarios dos anos 2012 e 2013.

Actualmente nos atopamos no municipio de Cangas na fase final do Procedemento de Regularización Catastral 2013 - 2016, obtendo un aumento de 1,5 millóns de euros no padrón de IBI do ano 2016 ao ano 2017.

No ano 2012 se aprobou un plan de Axuste en base ao Real Decreto 4/2012 e modificado polos Reais Decretos 4/2013 e 8/2013, no que se establece que para o ano 2017 e posteriores que os ingresos previstos pola recadación do Imposto sobre Bens Inmobles serían de 2,9 millóns de euros aproximadamente, requisito que se cumpre con moitísima marxe xa que o importe no orzamento para este ano é de 4,5 millóns de euros. Incremento causado; en parte, polas liquidacións dos anos anteriores recentemente recibidas.

Os resultados orzamentarios dos últimos cinco anos están sendo positivos, e por outro lado o remanente de tesourería neste mesmo período descendeu dende os 17 millóns en negativo a menos de 100.000 euros en negativo.



Ante estes datos consideramos que existe marxe suficiente para aprobar unha baixada do tipo impositivo do imposto en cuestión, a nosa solicitude é baixar de 0,55 % a 0,50 % o tipo impositivo. Unha proposta prudente e que non causaría quebranto algún ñas contas municipais. Estamos convencidos que está proposta será satisfactoria e apoiada polos os grupos do goberno, do contrario, confirmaríase as sospeitas de que o importante para este goberno é recadar o máximo posible.

Desexamos que as persoas que na oposición falaban de baixar impostos cando gobernasen e de que ían solucionar os problemas deste pobo, empecen a ser coherentes coas súas promesas e as cumbran. Porque ata agora, por parte do goberno se esta facendo o contrario do prometido, e utilizando como desculpa que todo é culpa do goberno anterior.

Proposta de Acordo:

Instar ao goberno do Concello de Cangas a que incoe o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES no seu artigo 1 a). Contemplando en dita modificación a baixada do tipo impositivo de 0,55% a 0,50%.”

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

DELIBERACIÓNS:

Sr. Millan González: xustifica a urxencia na situación actual que se está a vivir coa emisión dos recibos da regulación catastral que deu lugar a unha situación de crispación na cidadanía, polo que cre necesario un xesto urxente de baixar o tipo impositivo do 0,55 ao 0,50 no marco do IBI.

Lembra que no pleno de 2014 baixouse o tipo impositivo do 0,60 ao 0,55, actualmente estando en fase de regularización catastral que repercute nun importante incremento de ingresos para o concello, cre oportuno a adoptación da medida que se recolle na moción. Di que a proposta non causaría quebranto nas arcas municipais.

Sr. Alcalde: aclara que non tería efecto ata o 2018.

Sr. Millán Blanco: explica que a moción pretende que se adopte un compromiso de incluír na modificación das ordenanzas fiscais a baixada do IBI, iniciando o correspondente expediente.

Sr. Abalo Costa: di que o verdadeiro problema é unha revisión encuberta de valores, que por certo non se lle aplicou a todo o mundo. A proposta do PP non afectaría só ás persoas afectadas. Di que neste ámbito será imprescindible un informe de intervención para coñecer en que situación quedará o concello e de que porcentaxe deberá ser esa rebaixa, porque tal vez a baixa non teña porque ser ao 0,50%.

Cre que hai que atacar este problema, pero tramitando o expediente na debida forma.

Sr. Iglesias Santos: considera que esta proposta debería tratarse con máis profundidade. Lembra que a última ponencia de valores é do ano 1986. Considera que é necesario estudar con



Concello de Cangas

tempo esta proposta. Di que se vai a abster.

Sr. Gestido Porto: cre que é un tema moi importante para decidilo a estas horas e que deben pronunciarse previamente os técnicos municipais e dabatirse máis adiante.

Sr. Millán González: di que o PP xa se manifestou respecto á revisión catastral fai un ano apoiando unha moción na materia. Cre que o que se propón na moción é sinxelo e respectuoso coa tramitación legal do expediente. Considera que a marxe é suficiente para asumir a baixada proposta e que o que se pide é realizable.

Sr. Abalo Costa: di que se hai unha política fiscal que sostén ás administracións municipais é porque a estableceu o estado central. Repite que houbo unha revisión catastral encuberta, sen facerse unha nova ponencia. Considera que hai que esperar á resolución sobre a recadación e a partir de aí con datos definitivos, adoptar medidas.

Sr. Alcalde: cre que a medida debe adoptarse cos datos na man e non a esta alturas do ano.

Sr. Iglesias Santos: advirte que todos os veciños de Cangas con inmobles teñen unha penalización por ter unha ponencia de valores do ano 1986, o agravio comparativo é terrible.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Abstencións: 2 (1 dos concelleiros/as presentes de "CANGAS DECIDE" e 1 do PsdeG-PSOE)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das Resolúcións da Alcaldía ditadas desde o 7 ao 27 de marzo de 2017

O Concello Pleno, queda informado das resolucións da Alcaldía, dictadas desde o 7 ao 27 de marzo de 2017.

Lectura Manifesto de apoio a Sande, o Concelleiro de Cultura do Concello de A Coruña e a Guitián debuxante

Dáse lectura ao Manifesto que di:

“Nos últimos tempos atopámonos cunha noticia cando menos curiosa. Unha persoa particular denunciaba ao concelleiro de Culturas do Concello d'A Coruña polo cartel de Entroido no que aparecía un moneco disfrazado de Papa. Segundo esta persoa, nun exceso de susceptibilidade ridículo, atenta contra os sentimentos relixiosos, cando nada hai de obsceno ou ofensivo. Ata aquí todo moi surrealista mais chegamos ao nivel de esperpento cando nos enteramos que hai un xuíz que ten a ben o trámite da devandita denuncia.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

A estas alturas non deberá ser necesario explicar que o Entroido, para os que lies guste e para os que non, é unha manifestación satírica, catárquica e de liberdade absoluta no que as normas habituais de conduta quedan nun segundo plano para darlle renda solta a outras actividades caracterizadas polo sentido do humor.

Por todo isto, o Concello de Cangas apoia de xeito incondicional ao concelleiro José Manuel Sande e ao creador do cartel, o debuxante Alberto Guitián, que con respecto, saber facer e unha profesionalidade e dilixencia envexables puxeron para gozo de coruñeses e visitantes un cartel axeitado, dignísimo e de calidade artística supina para un evento como o Entroido da cidade.

O noso apoio, solidariedade e afecto a estas persoas que o único que se lies pode imputar é o normal desenvolvemento do seu traballo, digno e atinado, cousa que en ningún xulgado do mundo é punible.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Sotelo Villar: di que o PP non entra en votación e cre que non é necesario ofender a ninguén para realizar manifestacións artísticas.

Sr. Abalo Costa: cre que hai un proceso de política inquisitorial e da o seu total apoio ao manifesto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850